

Tema 3: A Concienciación da Comunidade Escolar

Obxectivos:

- Coñecer as condicións básicas para que unha innovación se consolide nun centro educativo.
- Describir as fases necesarias para a creación dun servizo de mediación escolar.
- Enumerar diversas vías para sensibilizar a Comunidade escolar sobre este servizo.
- Describir os instrumentos útiles para a análise da convivencia nos centros.

Contidos:

- Condicións básicas para que unha innovación teña éxito.
- Fases do proceso de creación dun servizo de mediación escolar.
- A sensibilización da Comunidade escolar: vías e proceso.
- Instrumentos para a análise da convivencia: cuestionarios, entrevistas, análise de documentos,

Indicadores de avaliación da UD:

- Sinalar as condicións que posibilitan o éxito dunha innovación.
- Enumerar as fases do proceso de creación dun servizo de mediación escolar.
- Describir as estratexias para sensibilizar á Comunidade Escolar sobre as necesidades deste servizo.
- Enumerar e describir os diferentes instrumentos a utilizar na análise da convivencia no centro.

TEMA 3: A concienciación da Comunidade Educativa

1. ÍNDICE DE CONTIDOS

- A. Cuestións xerais sobre as innovacións:
 - A necesidade dunha actuación global
 - Condicións que favorecen a implicación.

- B. As fases do proceso de implantación:
 - B.1. A sensibilización dos distintos sectores
 - B.2. Ideas para sensibilizar ao equipo docente.
 - B.3. Ideas para sensibilizar ao alumnado.
 - B.4. Ideas para sensibilizar ás familias.
- C. A integración nos documento do centro.

- D. A análise da convivencia no centro

Sección A: Cuestións xerais sobre as innovacións:

Crear un servizo de mediación é sen dúbida algo novo nun centro, pero iso só pode presentarse como “algo innovador” se con ese recurso construímos algo mellor co anterior.

Entendemos que innovar non pode ser soamente facer algo distinto, nin dar resposta exclusivamente aos requerementos da administración. O importante é introducir procesos innovadores e xustificadas que melloren prácticas existentes e que se consoliden e afiancen.

Imos neste apartado a reflexionar sobre as condicións ou requisitos básicos que debemos coidar para garantir que as novas prácticas cheguen a converterse nunha boa innovación.

Unha primeira idea da proposta fundaméntase dun conxunto de coñecementos procedentes do enfoque DBE (*Desenvolvemento Baseado na Escola*), (Fullan, Hopkins, Lagerweij, Reid, ...) . O nome mesmo xa sintetiza o contido do modelo, é dicir, este movemento vai dirixido a facilitar a innovación educativa “en” e “desde” os centros escolares. Destaca que:

- As innovacións teñen un carácter procesual. Non se producen de forma repentina ou casual, senón de maneira progresiva.
- A escola, en si, na súa totalidade é o obxecto e o axente fundamental do cambio.

Estos procesos innovadores en función das peculiaridades de cada centro, poden seguir unha secuencia diferente, pero si podemos concretar as condicións básicas para que se consoliden:

- ✓ Flexibilidade: é importante que descartemos posturas ríxidas no proceso de implantación, xa que non acostuman a ter bo pronóstico. A Comunidade Escolar poden non sentirse implicada nin comprometida co cambio, e por outra banda, non axuda e xerar unha cultura innovadora que supón formarse, avaliar os cambios e introducir os reaxustes necesarios.
- ✓ Seguir procesos de avaliación continua: estes procesos deben confirmar se os cambios melloran a situación anterior. Un dos principios dos modelos de calidade é que calquera decisión debe estar tomada en base a datos. Por iso, debemos recoller datos, analízalos e tomar decisión para incorporar os reaxustes necesarios para melloralo cambio, e iso é avaliar. No tema X tocaremos o tema da avaliación.
- ✓ Viabilidade: é importante reflexionar no centro sobre as posibilidades de levalo a cabo e sobre que recursos materiais, formativos e humanos necesitamos. Os “cambios” teñen que basearse nas condicións internas da escola, polo que, o coñecemento da cultura escolar é fundamental.
- ✓ Formalizalo en documentos: neste caso os servizos de mediación, deben estar recollidos no plan de orientación que aparece integrado no Proxecto Educativo (PE). É moi importante recoller nun documento escrito as particularidades do servizo xa que obriga a pensar por adelantado todo o seu funcionamento e ,ademáis, desta forma transformase nunha iniciativa compartida e apoiada por todos os sectores que o aprobaron, constiúe unha especie de compromiso formal.
- ✓ Incorporalo ao currículo: A mediación como estratexia de resolución de conflitos deben de entenderse como un obxectivo e contido curricular. As capacidades que entrena e se desenvolven nos procesos mediadores son imprescindibles para adquirir moitas das competencias claves, polo tanto, debe incorporar ao Proxecto Educativo.

Requisitos que o facilitan:

Para que unha innovación teña posibilidades de éxito, como comentamos anteriormente, debe ser asumida como un proxecto de centro, xa que imos requirir moitos recursos e a colaboración de todos. Unha vez conseguido ese compromiso, é moi importante que, polo menos, coidemos estes aspectos:

- **Favorecer a información na fase inicial:** nas primeiras fases de calquera innovación é necesario dedicar tempo ao elemento informativo, co obxectivo de buscar o compromiso e implicación da Comunidade Educativa. Para que un cambio resulte exitoso é moi importante que teña unha idea moi clara do cambio: ¿que se quere facer? ¿para que? ¿como?,... . Isto supón reunirse, trasladar ideas sobre como se vai organizar e , ao mesmo tempo, recoller suxerencias. Está fase de información pretende xerar un forte compromiso por parte da Comunidade Educativa para posta en marcha e desenvolvemento do servizo.
- **Estructura:** dificilmente vai sobrevivir un cambio senón hai un grupo que o defenda, que tome a iniciativa, idealmente podería ser toda a Comunidade Educativa, ou unha maioría de persoas que o sintan e que o vivan como algo propio. Pero, como o anterior é moi improbable, o desexable sería contar cun un equipo coordinador. Este equipo debe dirixir e planificar a posta en marcha do programa de mediación. No seguinte apartado describiremos con detalle: quen o podería constituir e que tarefas desenvolvería.
- ✓ **Formación:** os cambios non poden presentarse como unha alternativa sen máis, é necesario informarse: ¿ que se sabe deste tema? ¿que experiencias existen? ¿qué resultados está tendo? ¿qué organización e recursos necesitamos? No tema 4 tocamos o tema da formación.

Sección B: As fases do proceso de implatación:

ESQUEMA DAS FASES DE IMPLANTACIÓN

B.1: A sensibilización dos distintos sectores

Para que un cambio chegue a consolidarse é necesario que o impulso, a coordinación e o seguimento sexa asumido polo propio centro. Neste sentido a fase de sensibilización da Comunidade Escolar é clave. Algunhas consideracións sobre este proceso serían as seguintes:

- Debemos pensar en accións de sensibilización dirixidas a todos os sectores: profesorado, alumnado, familias, outros membros da Comunidade Escolar.
- Asumir que é un proceso continuo, aínda que ten momentos máis intensos: cando iniciamos a implantación ou cando avaliamos os resultados do mesmo.
- As diversas accións de sensibilización deberían realizarse por distintos axentes, que deben completar a tarefa principal de concienciación que parta do equipo que conforme o servizo de mediación. A idea é asumir o concepto de liderazgo compartido, según o cal tanto os responsables principais como os demais docentes xoguen o rol de líderes, compartan responsabilidades e asuman riscos.
- Debe darse a oportunidade de que os mediadores conten con foros diversos para expoñer as súas experiencias.
- As campañas de sensibilización deben realizarse cada curso, esa será a maneira de convertila nunha práctica integrada na cultura do centro.

Algunhas medidas de sensibilización poderían ser as seguintes:

B. 2: Ideas para sensibilizar ao equipo docente.

10 ideas para sensibilizar ao profesorado:

- Creación dun equipo básico que coordine e active estas medidas.
- Cuestionarios dirixidos ao profesorado, alumnado e familias onde se recolla información sobre os problemas de convivencia presentes no centro, e estratexias e abordase.
- Informe sobre a análise dos cuestionarios anteriores.
- Reunións co departamento orientación e cos distintos órganos de coordinación do centro: Comisión de Coordinación Pedagóxica, departamentos, equipos de nivel, titores, etc.
- Informar sobre este tema vía: carteles, infografías, dípticos, un lapbook.
- Visualización de experiencias doutros centro.
- Reparto dun catálogo informativo atractivo nos que se resuman as características básicas do servizo entre o profesorado.
- Encuentros con grupos de mediación doutros centros para escoitar experiencias.
- Realizar algunha visita a un centro que xa teña activado este servizo.
- Información sobre blog o páxinas web as que poidan acceder para completar información sobre os servizos de mediación escolar.

B.3: Ideas para sensibilizar ao alumnado

- **10 ideas** para sensibilizar ao alumnado.
 - Presentación do servizo de mediación dentro das actividades previstas nas xornadas de acollida.
 - Presentarlle o servizo nas sesións de titoría.
 - Realizar unha campaña publicitaria na que se impliquen tódolos departamentos e equipos do centro.
 - Inundar o centro de cartelería e infografías sobre o servizo.
 - Realizar encuentros con alumnado do mesmo centro o doutros centros que teñan experiencia en actividades de mediación.
 - Difundir as actividades realizadas polo servizo e mediación.
 - Presentación do programa de mediación nas aulas, no que se comentará especialmente: como funciona o proceso de mediación, como s

forma aos mediadores, que beneficios conleva ser mediador.

- Utilizar as canles habituais do centro (páxina web, blogs, revista escolar, etc.)
- Presentar o equipo mediador en cada aula.
- Involucrar ao alumnado na creación de materiais para o servizo de mediación (carteles, infografías, slongáns, etc.

B. 4. Ideas para sensibilizar ás familias.

- **10 ideas** para sensibilizar ás familias.

- Envío de carta informativa.
- Informarlles da organización do servizo de mediación na reunión de principios de curso.
- Realizar con eles caucos informativos.
- Invitalos a unha charla informativa, na que interveña tamén alumnado mediador.
- Remítilos aos cales de comunicación habituais no centro (páxina web, blogs, revista escolar, ...).
- Utilizar as vías de comunicación coas familias que utilice a ANP do centro.
- Distribuindo cartelería e dípticos informativos sobre o tema.
- Utilizar as redes sociais.
- Integrando a membros das ANPs no servizo de mediación.
- Reparto de catálogos informativos sobre o servizo de mediación.

Sección C: A integración nos documentos do centro.

Actualmente, o marco legal, como vimos no tema anterior, recolle a posible a integración da mediación escolar nos documentos que deben orientar as actividades do centro. Isto é un feito moi favorable para que este servizo poida consolidarse. Coa súa creación non pretendemos eliminar outras vías recollidas

nas disposicións legais para o tratamento dos problemas de convivencia. Estamos propoñendo un modelo mixto, ofrecendo a oportunidade de tratar mediante a mediación aqueles conflitos que as partes queiran solucionar a través desta vía.

Por iso, a mediación escolar debe estar recollida no plan de convivencia escolar e no Proxecto Educativo do Centro. A presenza desta vía de resolución dos conflitos no PE, favorece:

- O compromiso da Comunidade Educativa con proxecto, xa que a inclusión no PE dalgunha forma o lexítima.
- Activa un mecanismo de control fundamental, xa que o traballo desenvolvido vai ser avaliado e reaxustado anualmente por todos os axentes da Comunidade Educativa, que teñen representación dos distintos órganos que avalian e aproban o Proxecto Educativo. En resumo facilita que a innovación poida nacer e subsistir.
- Abre a porta para que esta proposta esté tamén presente necesariamente noutros documentos e plans do centro (Programación Xeneral Anual, Plan de Acción tutorial, Plan de acollida, ...).
- Permite que a aposta pola mediación sexa unha iniciativa compartida e pública. Senón hai nada escrito, e recollido nun documento do centro: non sabemos cales son os obxectivos que se pretenden, nin que tipo de acción se van realizar , nin que recursos se van utilizar, nin como se vai avaliar, etc. Todos sabemos que se hai uns papeis polo medio a cousa é diferente, estes danlle credibilidade e firmeza á proposta.

Sección D. A análise da convivencia no centro:

Para a posta en marcha dun equipo de mediación é prioritaria a análise de necesidades sentidas pola Comunidade Escolar. Este punto e a sensibilización son aspectos que se potencian mutuamente.

Para avaliar a situación da convivencia, e detectar os puntos fortes e débiles, debemos recoller información e implicar a todos os sectores da Comunidade Educativa. A idea é xerar procesos que axuden a ir construindo unha cultura colaborativa no centro, pois é esencial para favorecer que a institución se implique e apoie a innovación. O cal supón coidar desde o principio os procesos de participación, de

implicación, de deliberación e toma de decisións conxuntas, así como, a construción compartida das solucións, o apoio mútuo e a análise e reflexión constante.

A estratexia a seguir podémola agrupar nestes ámbitos:

- ✓ Autorrevisión da convivencia no centro.
- ✓ Identificación de ámbitos de mellora,
- ✓ Búsqueda colaborativa de solucións.
- ✓ Elaboración e posta en marcha dun plan de acción,
- ✓ Avaliación do proceso e dos resultados.

O diagnóstico da situación da convivencia será o paso previo e necesario para tomar decisións e realizar unha planificación contextualizada, que de resposta ás necesidades que demanda a realidade do centro. Ademáis permitirá poñer en marcha un proceso de reflexión interna que axuda a identificar causas e buscar solucións.

¿ Como realizar a autorrevisión da convivencia no centro?

Podemos utilizar ferramentas de moi distinta natureza. Autores como Freiberg e Stein (1999) clasifican estes instrumentos como medidas directas (cuestionarios, entrevistas, escalas, ...) e indirectas (análise de partes de disciplina, informes da comisión de convivencia,). Neste curso imos falar dos seguintes tipos e expoñeranse exemplos dos mesmos no tema 6:

- ✓ *Cuestionarios* dirixidos a todos os sectores da Comunidade Educativa (familias, alumnado, profesorado e persoal non docente). Interesa comparar as distintas perspectivas para articular medidas compartidas e integrais. É importante que estes cuestionarios sexan de resposta anónima, con preguntas concretas que eviten valoracións globais, tratariase de frases declarativas ás que hai que responder si se está dacordo ou en desacordo nunha escala de 1 a 5. Outras consideracións que temos que cuidar:
 - Debe conter preguntas con respostas múltiples.
 - Adaptado, no caso do alumnado, para que aquel con NEAE, poida responder sen dificultade.
 - Diversidade de preguntas:
 - Sobre a apreciación da situación actual: ¿ entre que se dan os conflitos?.
 - Sobre frecuencia dos tipos e conflitos: ¿Cales son os máis frecuentes entre os teus compañeiros e compañeiras?
 - Sobre os momentos e situación en que acostuman a producirse: ¿ Cales dos seguintes conflitos se teñen producido con máis frecuencia no centro no último ano?

- Sobre as vías de abordase que se están utilizando: ¿ Cales son as vías de solución que se intentaron?
- Sobre as iniciativas de mellora: ¿ Cales das seguintes iniciativas poderían ser útiles?.

É dicir, é importante recoller a visión do pasado, a situación actual (¿ Como se está abordando?) e a reflexión sobre o futuro (¿Que podemos facer para mellorar?), coa intención de construír solucións compartidas.

✓ Técnicas cualitativas:

- Entrevistas: tamén podemos realizar un muestreo de entrevistas a persoas especialmente en contacto coa convivencia no centro: titores, membros da comisión de convivencia, equipo directivo, xefatura departamento de orientación, representantes dos distintos sectores no Consello Escolar do Centro, xefes/as dos equipos de coordinación docente, En todo caso, estas entrevistas poderían ter un enfoque semiestructurado, alternando preguntas fixas, e preparadas con anterioridade, con preguntas espontáneas.
- Escalas de observación: neste caso debemos ter moi claro que imos observar, durante canto tempo, seleccionar ao grupo,
- Sociogramas: permitirán obter unha boa información sobre o clima de aula: detectar as relacións entre os membros do grupo clase, os/as líderes, persoas illadas, etc. Serán informacións importantes para tomar decisións sobre a xestión da convivencia.
- Análise de documentos: partes de faltas, o plan de convivencia, actas do Consello Escolar, os expedientes disciplinarios,